

CALIDEZ DOS ÁMBITOS

Estamos seguros de que, para Ramiro Fonte, recibir a medalla de ouro da cidade que o viu nacer -Pontedeume- é un fito vital imborrable. Así é para nós, lectores de poesía, o reencontro gozoso cos seus versos que nos permite, a un tempo, descubrir eses novos poemas que dormen na escuridade de libros aínda inéditos. Conforma *Ámbito dos pasos*¹ un itinerario concibido polo antólogo Luciano Rodríguez como ruta poética por textos xa emblemáticos do autor eumés complementados cun repaso, obrigadamente breve, polas liñas temáticas da súa obra. Desde 1983, ano de edición do seu primeiro libro individual -despois de participar no volume colectivo *Cravo Fondo* (1977)- *As cidades da nada*, ata hoxe son seis os poemarios publicados por Ramiro Fonte. Polos versos de todos eles, xunto cos de dous inéditos, traza o antólogo un viero que nos conduce cara o cerne poético dun autor que xa figura, por méritos propios, entre os grandes da poesía galega dos oitenta.

Escribir algún verso que a fortuna me dicte

e nalgunha hora acaso como esta,

mollada na lembranza, perseguir

sen pintalos nos lenzos,

certos corpos amados.

Eis o labor declarado do poeta. A el aplícase Ramiro Fonte desde un abrir os ollos ó exterior nun xogo intertextual con elementos culturalistas que enchen as dúas primeiras obras: *As cidades da nada* (1983) e *Designium* (1984). Será este desllocamento cara afora o que enriqueza os textos cos logros dos devanceiros mentres a nostalgia se fai dona da voz lírica e prepara o exercicio introspectivo de *Pensar na tempestade* (1986). Nesta obra, a vida vista como un periplo marítimo no que o eu debe loitar contra todo tipo de elementos (tempestade) conforma, en palabras de Luciano Rodríguez, "*un caderno de navegación íntima ao servizo da introspección e do coñecemento lírico da realidade*". A un tempo o eu faise múltiple e enmascárase en diversas facetas pois, así como o mar ten moitos corazóns -"*Moitos foron os corazóns do mar, / Diversos e terribles*"-, o eu modula diferentes voces postas todas ó servizo da expresión da nostalgia.

¹ Selección, edición e introducción de Luciano Rodríguez, Concello de Pontedeume, 1996.

*Guarido estou nos mares que invadían
No verán os xardíns,
Que achegaban periplos ó sentimento novo:
Eu procuro os seus rumbos na beira da nostalgia.*

En *Pasa un segredo* (1988) a introspección da voz poética permítelle irse achegando cara ó seu centro expresivo e íntimo mentres a madurez o fai consciente da perda da infancia e do paso do tempo. O alongamento da mocidade enténdese como don que permite avanzar no periplo da vida e crear futuros -"Agora concordamos/ Que unha casa da infancia morreu coa primavera, / E faino sempre así;/ Deberá facelo sempre para que o home poida repartirse./ E soñar días futuros, outras augas / Que choverán por sempre no pasado."- pero a un tempo o afastamento do ámbito natural do ser prodúcelle unha nostalgia que se acentúa en *Adeus Norte* (1991). As perdas son agora dolorosas e abranguen tanto á xuventude como ós escenarios e persoas amadas. O eu é entón estranxeiro ata para si mesmo:

*Xa o conseguiches. Ó cabo es
O extranxeiro de tódalas cidades,
E non é porque molles a mirada
Nesta luz melancólica que outono
Esparexe nas rúas con serena abundanza*

Luz do mediodía (1995) compila toda a mestría das obras precedentes para distender os seus límites ata o extremo e marcar así un punto de inflexión na traxectoria poética do autor. Desde o inverno e o norte voltar á infancia, á primavera e a unha luz cenital que imprime nova forza sobre as vellas cousas. Moitas veces a visión destas farase desde o recordo ("*Esas cousas na infancia... como están moi durmidas/ Hai que fechar os ollos para volver a velas*") ou desde a vivencia dolorosa da fragilidade humana agora reconvertida en convicción da futura vinda de novos tempos pois

*O mediodía escribe
As mellores palabras sobre a noite;
No seu xardín a flor
Amígase coa estrela insobornable.*

Unha voz irónica invócanos como lectores en *O cazador de libros* mentres elabora con ollo crítico unha crónica desta fin de século que desprecia os valores ancestrais e devala cara a autodestrución. A reflexión sobre e desde a literatura atinxe non só ó autor senón a un lector, "*cazador de libros*", que "*por un incunable petaría / Sen dubidalo ás portas dos infernos*". Ambos dialogan sen intermediarios nos versos desta obra aínda inédita sobre un inverno nostálxico e doloroso que alcanza tamén ó eu poético de *Capitán inverno* de novo enfrontado á esa atávica *tempestade* que é a vida. Inútil opoñer resistencia pois o gume do inverno decepa ó eu poético igual que sega unhas camelias que son:

*Flores sen arrecendo,
Porque a nada arrecende
A xeadada,
Esa color mollada coa que a choiva
Pinta nos calendarios,
Nin o mesmo poema que escribimos.*

Mais nós, lectores de poesía, enfrontaremos a próxima chegada dos fríos armados coa cálida palabra de Ramiro Fonte. Cando nos morda a dureza gris do inverno poderemos resistir na esperanza de que o autor tece aínda, para nós, novos ámbitos que percorrer cheos de luz e calor, historias que nos elevan da cotiá fragilidade

*Cóntoche algunha historia que vivín,
E imaxino outras máis por non morrermos
De fastío e de tedio nestes meses
Que prolongan de máis un longo inverno.*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 746, 3-10-1996, p. 24